



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Instalacións deportivas

Materia	Instalacións deportivas			
Código	004M181V01202			
Titulación	Máster Universitario en Xestión empresarial do deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	5	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais Dpto. Externo Economía financeira e contabilidade			
Coordinador/a	Romo Pérez, Vicente			
Profesorado	Antelo Lema, Xosé Antón Armental López, Juan Antonio Barata Martinez, Jorge Clavel San Emeterio, Iván Gallardo Guerrero, Leonor Míguez Fernández, Pablo Romo Pérez, Vicente Sánchez Fernández, Patricio			
Correo-e	vicente@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	(*)En esta materia se da una perspectiva de la gestión de instalaciones tanto desde una perspectiva pública como privada. Además se profundizará en las nuevas vías de obtención de ingresos más ligados a la explotación de los estadios como la cesión de los derechos de nombre, la venta de estadios, gestión de palcos VIPs, multiuso de las instalaciones, etc.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Capacitar ao alumnado para a administración e dirección de todo tipo de entidade ou organización deportiva
B2	Favorecer o contacto directo co sector deportivo
B3	Ofrecer unha visión integradora dos distintos subsistemas que configuran o sistema organización/empresa no sector deportivo
B4	Coñecer e comprender a evolución do deporte dende o seu compñente económico-empresarial
C2	Coñecer a importancia do xestor deportivo e o seu amplo abano de ocupación: clubs deportivos, federacións, xinasis, instalacións deportivas, padroados de deportes, empresas privadas, administracións públicas, etc...
C4	Aproveitar os novos desafíos que ofrecen os grandes eventos deportivos como acontecementos de carácter global.

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer a tipoloxía das instalacións deportivas e o seu equipamento	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B3 B4 C4
Saber os diferentes sistemas de xestión pública e privada das instalacións deportivas	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B3 B4 C2 C4
Analizar os datos de execución do orzamento para a toma de decisións	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B3 B4 C2 C4
Saber tramitar distintos tipos de expediente de contratación na xestión pública do deporte	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B3 B4 C2 C4

**Contidos**

Tema	
I. Xestión pública de instalacións deportivas	Xestión pública de instalacións deportivas
II. Xestión privada de instalacións deportivas	Xestión privada de instalacións deportivas
III. Estadios: cesión do dereito de explotación do nome, entradas e hospitality	Estadios: cesión do dereito de explotación do nome, entradas e hospitality
IV. Xestión da instalación deportivas. O orzamento de gastos	Execución de orzamento de gastos de deportes Expediente de subvencións a entidades deportivas. Expediente de subministración para un servizo de deportes. Expediente para a construción dunha instalación deportiva.

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	9	0	9
Estudo de casos	15	40	55
Obradoiro	15	0	15
Resolución de problemas de forma autónoma	0	10	10
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Consistirán en explicacións previas por parte dos docentes para introducir o contido das materias e a metodoloxía de traballo a seguir.
Estudo de casos	A través de exemplos concretos mostrarase a aplicación práctica de coñecementos e teranse que extraer conclusións de aprendizaxe.
Obradoiro	Mediante a formulación de problemas e a súa resolución, así como co uso doutras técnicas do proceso ensino-aprendizaxe, os estudantes participasen no proceso de adquisición de coñecementos e a súa posta en práctica.
Resolución de problemas de forma autónoma	Traballo autónomo dos estudantes sobre problemas ou exercicios relacionados co explicado.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Analízanse casos e situacións

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Estudo de casos	Avaliarase o traballo realizado para resolver o caso/situación e os ensinamentos obtidos.	35	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C2 C4
Obradoiro	Avaliarase o traballo realizado nas actividades programadas.	35	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C2 C4
Exame de preguntas obxectivas	Avaliaranse os coñecementos adquiridos a través de probas de tipo test	30	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C2 C4

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá elixir ser avaliado mediante o sistema de Avaliación continua (AC), ou alternativamente, optar por unha proba de Avaliación Global (AG).

A avaliación por defecto é a AC.

O alumnado poderá elixir AG segundo o procedemento e o prazo establecido polo Centro. A elección de AG supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as actividades de AC que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

-- Avaliación continua. En caso de non renunciar á avaliación continua:

Neste caso o alumnado deberá realizar o conxunto de actividades e probas de avaliación descrito no apartado de Metodoloxías/Probas que valerán o 35%, 35% e 30% da nota respectivamente.

Para poder ser avaliado por este sistema hai que asistir polo menos ao 75% das horas de docencia presencial.

-- Avaliación global.

O alumnado será avaliado mediante unha proba teórico-práctica na data oficial fixada no calendario de exames da Facultade. Esta proba representa o 100% da nota.

No suposto de non superar a nota en primeira oportunidade, o alumnado poderá ser avaliado de novo na segunda oportunidade a través dunha proba teórico-práctica na data oficial fixada no calendario de exames do Master. Esta proba suporá o 100% da nota.

Os estudantes que non participen na AC nin na AG, figurarán nas actas como [non presentados].

Recoméndase ao alumnado ter en conta o Título VII (Do uso de medios ilícitos), do Regulamento sobre a Avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/normativa/documento/downloadbyhash/4904ced4d24eb81fe5715ddde2c48c59c0a7c4d624cd0e7491df7a753985ccfa> )

As datas e horas das probas de AG (de primeira e segunda oportunidade) son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Master (CAM) para o presente curso. En caso de conflito ou disparidade entre as datas de exames, prevalecerán as publicadas na web do Master: [www.mbadeporte.es](http://www.mbadeporte.es)

#### Uso de IA en Traballos Académicos

Advertencia: O uso de ferramentas de intelixencia artificial (IA), incluíndo pero non limitándose á xeración de texto, creación de contido e asistencia nainvestigación, debe adherirse estritamente ás directrices de integridadeacadémica. Uso Incorrecto:

1. Plaxio: Presentar contido xerado por IA como propio sen adebida cita considérase plaxio e viola as políticas de integridade académica.
2. Falsificación: Utilizar a IA para fabricar datos, referencias ou calquera parte do traballo académico representa unha falsificación da autenticidade do traballo.
3. Asistencia Non Ética: Dependere da IA para completartarefas, ensaios ou traballos de investigación sen o recoñecemento adecuado non é ético e socava o proceso de aprendizaxe.

Uso Adecuado:  Verificación: O contido xerado por IA debe serrevisado e verificado polo estudante ou investigador para asegurar a súa exactitude e relevancia.

Consecuencias: O incumprimento destas directrices supoñerá unha cualificación de 0 (cero) na correspondente materia independentemente de que só se utilizou para untraballo ou parte da avaliación. Ademais, poden promoverse outras medidas disciplinarias previstas pola Universidade.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

#### **Bibliografía Complementaria**

Gil Fried, **Managing Sport Facilities,**

Robert Lussier, David Kimball, **Applied Sport Management Skills,**

Trevor Slack, Milena Parent, **Understanding Sport Organizations,**

Jerry Solomon, **An Insider's Guide to Managing Sporting Events,**

---

### **Recomendacións**